



**DECRETO DE ALCALDÍA DE 11.07.2025**

**DON ÁNGEL PÉREZ RODRÍGUEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)**

No uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 41 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 186 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, así como a vixente lexislación sobre Réxime Local e demais disposicións concordantes,

Logo de ver o “Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Guntín para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o asnos 2025-2026 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027”

Logo de ver a Resolución da Alcaldía de 11.06.2025 de inicio da tramitación do expediente de contratación de 1 xefe de brigada de incendios, 1 peón condutor brigada, 3 peóns brigada e 3 condutores motobomba e a creación dunha bolsa de reserva, con contrato temporal de 3 meses (anualidades 2025 e 2026)

Logo de ver as BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO-OPOSICIÓN (CONCURSO DE MÉRITOS, TEST ESCRITO E PROBA PRÁCTICA) PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DURACIÓN 3 MESES ANUALIDADE 2025 E 3 MESES ANUALIDADE 2026 E A XORNADA COMPLETYA DE 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUTOR E 3 PEÓNS, E 3 CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA E A CREACIÓN DA BOLSA DE RESERVA CO MESMO PERÍODO DE VIXENCIA (ANUALIDADES 2025-2026) AO ABEIRO DO CONVENIO INTERACMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL CONCELLO DE GUNTÍN PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTALS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA (PEPAC9 2023-2027 ASINADO EN DATA 25 DE ABRIL DE 2025, e a súa aprobación por Resolución da Alcaldía de data 11.06.2025

Logo de ver o anuncio da convocatoria publicado no BOP de Lugo nº137 de data martes, 17 de xuño de 2025.

Logo de ver que en data 08.07.2025 se levou a cabo o proceso selectivo de 3 peóns de brigada no que foron seleccionados 3 candidatos e 1 de reserva

Logo de ver que 2 candidatos dos seleccionados van a ser contratados como Xefe de Brigada e peón condutor brigada e o candidato da bolsa de reserva renuncia ao contrato





**RESOLVE:**

**Primeiro:** Abrir un novo prazo de solicitude de participación no proceso selectivo por un período de 2 días hábiles dende a publicación do anuncio da convocatoria de emprego de 2 **peóns de brigada**, no Diario O Progreso de Lugo

**Segundo:** Publicar o anuncio de convocatoria de emprego no diario O Progreso de Lugo, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín e na páxina web [www.guntin.es](http://www.guntin.es).

**Terceiro:** As bases da convocatoria serán as mesmas que as publicadas no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web [www.guntin.es](http://www.guntin.es), excepto no tocante ao lugar de publicación e ao prazo de presentación de instancias que será de DOUS DÍAS HÁBILES CONTADOS A PARTIR DO DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA NO DIARIO O PROGRESO

*Na base QUINTA das bases anteriormente mencionadas <<<BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO-OPOSICIÓN (CONCURSO DE MÉRITOS, TEST ESCRITO E PROBA PRÁCTICA) PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DURACIÓN 3 MESES ANUALIDADE 2025 E 3 MESES ANUALIDADE 2026 E A XORNADA COMPLETYA DE 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUTOR E 3 PEÓNS, E 3 CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA E A CREACIÓN DA BOLSA DE RESERVA CO MESMO PERÍODO DE VIXENCIA (ANUALIDADES 2025-2026).....>>>*

*Onde di: <<<o prazo será de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo>>>*

*Debe dicir: o prazo será de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no diario O Progreso de Lugo>>>*

**Cuarto:** Dar conta da presente Resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

En Guntín, a 11 de xullo de 2025.

O ALCALDE

Asdo.- Angel Pérez Rodríguez

Ante min a

**A Secretaria-Interventora**

Asdo.-Nadia Díaz Vázquez

